

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AUTORIZA A AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE RENOVACION DOS PERMISOS DE EXPLOTACIÓN A PÉ DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILANOVA DE AROUSA

Feitos

1. Mediante resolución do 6 de febreiro de 2024 da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo apróbase o calendario de renovación dos permisos de explotación de marisqueo a pé para o ano 2025. Para a presentación de solicitudes de renovación do ámbito da Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa establécese o prazo dende o 14 de marzo ata o 25 de abril de 2024.

2. O 15 de abril de 2024 a Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa solicita unha prórroga do prazo para a presentación da documentación no procedemento de renovación dos permisos de marisqueo a pé, ata polo menos o 25 de maio do presente ano, debido a que as traballadoras encargadas da súa tramitación están nunha situación de ERTE que dificulta cumprir o prazo establecido.

Consideracións legais e técnicas

1. No capítulo III da Orde do 15 de xuño de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establécese o procedemento de renovación dos permisos de marisqueo a pé.



2. A Resolución do 6 de febreiro de 2024 que aproba o calendario da renovación, establece para a Confraría de Vilanova de Arousa un prazo dende o 14 de marzo ata o 25 de abril de 2024, e dicir, 29 días hábiles. O artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que a Administración poderá conceder unha ampliación dos prazos establecidos que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e non se prexudican dereitos de terceiros. Por este motivo, só se poderá ampliar ata un máximo de 14 días hábiles.

Á vista do exposto, esta xefatura territorial **ACORDA:**

Ampliar o prazo de presentación de documentación relativa ao proceso de renovación dos permisos de marisqueo a pé da Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa ata o **16 de maio de 2024**.

Esta Resolución notifícase á Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa e tamén se publicará no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial de Vigo e na páxina web: <http://mar.xunta.gal>. Tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes e da entidade asociativa.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Mar no prazo de un (1) mes, contado desde o día seguinte da súa notificación á entidade correspondente, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Xefa Territorial

Sonia Lorenzo Santos

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

